

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA
CURSO 2019/2020

3º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

MATEMÁTICAS

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

LINGUA GALEGA E LITERATURA

CIENCIAS NATURAIS

CIENCIAS SOCIAIS

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

YOLANDA VILAR CHENTO

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).
4. Información e publicidade.

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA	CURSO	TERCEIRO
	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	CNB2.1.1. Explica a morfoloxía externa do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global e os cambios nas distintas etapas da vida.	CMCCT
	B2.3. Diseñar un menú equilibrado para a súa idade.	CNB2.3.1. Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais.	CMCCT
	B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais e plantas do seu contorno próximo, recoñecer as súas características	CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu	CMCCT CSIEE

principais e buscar información en fontes variadas.	contorno, con criterio científico.	
---	------------------------------------	--

ÁREA	CIENCIAS SOCIAS	CURSO	TERCEIRO
	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B1.3. Coñecer a terminoloxía propia da área e achegarse a comprender textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.	CSB1.3.1. Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.	CCL CMCCT CSC
	B2.12 Explicar como se produce o ciclo da auga e as súas fases relacionándoos cos elementos da paisaxe da súa contorna próxima.	CSB2.12.1 Escribe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga.	CMCCT CAA
	B3.1 Expoñer e explicar a organización social, política e territorial da contorna	CSB 3.1.1 Describe a estrutura básica da organización social,	CSC CCL

próxima a través da interpretación dun mapa mental.	política e territorial da contorna próxima .	
---	--	--

ÁREA	LINGUA CASTELÁ	CURSO	TERCEIRO
	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais de textos orais breves e sinxelos de diferente tipoloxía, segundo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	LCB1.5.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas médicas....	CCL CAA
	B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade e valorar a lectura	LCB2.2.1. Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas	CCL CAA

<p>como medio para ampliar o vocabulario, fixar a ortografía correcta e como gozo persoal.</p>	<p>principais, textos de diversa tipoloxía textual.</p>	
<p>B3.1. Producir textos seguindo un modelo con diferentes intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e cuidando a presentación.</p>	<p>LCB3.1.1. Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, utilizando elementos de cohesión básicos: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas....</p>	<p>CCL CD CAA</p>
<p>B5.4. Reproducir a partir de modelos dados textos literarios moi sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.</p>	<p>LCB5.4.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios moi sinxelos (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados</p>	<p>CCL CAA CSIEE CCEC</p>

ÁREA	MATEMÁTICAS	CURSO	TERCEIRO
	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B1.2. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados para a resolución de problemas.	MTB1.2.1. Planifica o proceso de traballo con preguntas apropiadas: que quero descubrir?, que teño?, que busco?, como o podo facer?, non me equivoquei ao facelo?, a solución é idónea?	CMCT CAA CSIEE
	B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 10.000.	CMCT CCL
	B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.1. Realiza correctamente series tanto ascendentes coma descendentes.	CMCT
	B2.4. Identificar, resolver problemas da	MTB2.4.1. Resolve problemas que	

<p>vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento.</p>	<p>CMCT CAA</p>
--	---	---------------------

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOs	CURSO	TERCEIRO
	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B1.2. Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal	VSCB1.2.1. Razona o sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas.	CSC CCL CSIEE

B2.4. Empregar a aserción.	VSCB2.4.1. Expresa abertamente as propias ideas. VSCB2.4.2. Emprega a linguaxe positiva.	CCL CSC CSIEE CCL CSC
----------------------------	---	-----------------------------------

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA)	CURSO	TERCEIRO
	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B2.1.Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final.	EPB2.1.1. Utiliza cores (primarias e mesturadas) e tonalidades cunha intención estética, manexando diferentes técnicas.	CCEC CAA
	B2.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as	EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse sobre o seu contexto cultural e artístico.	CCEC CD

creacións propias ou colectivas.		
----------------------------------	--	--

ÁREA	LINGUA GALEGA	CURSO	TERCEIRO
	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B1.2. Utilizar os documentos audiovisuais como instrumento de aprendizaxe.	LGB1.2.1. Usa e manexa documentos impresos, audiovisuais e dixitais para obter a información máis importante e necesaria.	CCL CD CAA CSC
	B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados	LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.	CCL CD CSC

(webs infantís, libros, carteis).		
B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para comunicar información.	LGB3.3.1. Elabora por escrito textos do ámbito académico moi sinxelos (cuestionarios, resumos, descrições, explicacións...) para obter e comunicar información.	CCL CAA CSIEE
B4.2. Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas básicas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	LGB4.2.1. Aprecia o valor social das normas ortográficas e a necesidade de cingirse a elas.	CCL CSC CCEC

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

2.1 AVALIACION

De acordo co establecido nas *Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, a avaliación final terá en conta as anteriores avaliacións do curso. Valorarase esencialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles recollidas na presente adaptación da Programación Didáctica de 3º curso de

educación primaria. A avaliación que se vai desenvolver estará baseada fundamentalmente na observación das realizacións do alumnado e na análise das súas producións, así como na valoración de aspectos actitudinais. Esta terá carácter continuo e global, diagnóstica e formativa.

2.2 Procedementos de avaliación

Os procedementos de avaliación centraranse na observación directa e sistemática do traballo realizado polo alumnado en base a:

- Grao de desenvolvemento das competencias clave.
- Análise de producións do alumnado.
- Orde e claridade no traballo.
- Actitude ante a aprendizaxe.
- Interese e esforzo nas tarefas.

Instrumentos de avaliación:

- Escalas de valoración.
- Escalas de observación.
- Escalas de cualificación.
- Rexistro de seguimento do traballo no alumnado.
- Participación activa do alumnado nos plans do centro.
- Rúbricas de avaliación.

2.3 Cualificación final.

A avaliación realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres. No caso das actividades de recuperación, repaso, reforzo e, cando fose o caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se leven a cabo durante o terceiro trimestre serán tidas en conta naqueles casos en que supoñan unha mellora na cualificación final ou, cando corresponda, para recuperar as avaliacións pendentes. Por tanto, o traballo de recuperación,

repasso, reforzo ou ampliación levado a cabo no terceiro trimestre non minorará as cualificacións obtidas polo alumnado na primeira e segunda avaliación.

3. METODOLOXÍA, ACTIVIDADES, MATERIAIS E RECURSOS

A metodoloxía a empregar oriéntase ao repaso, reforzo e recuperación e, no seu caso, ao afondamento de aprendizaxes máis relevantes e imprescindibles das avaliacións anteriores.

O principal obxectivo metodolóxico é permitir ao alumnado manterse incorporado á aprendizaxe continua a través de actividades motivadoras e estimulantes de modo non presencial, evitando a sobrecarga e a desigualdade e atendendo e respectando as circunstancias particulares de cada alumno ou alumna.

Ademais das actividades específicas de cada materia, promoverase, na medida do posible, un enfoque interdisciplinar e globalizador das tarefas, procurando o afondamento das competencias clave.

3.1 Actividades

Todas as actividades propostas son, esencialmente, actividades de reforzo e orientativas. A súa finalidade principal é permitir a continuidade do proceso de ensino-aprendizaxe fóra do ámbito escolar. Trátanse de recursos web e materiais descargables e imprimibles. Para aqueles casos que non dispoñan de impresora, poderase respostar e facer os exercicios en papel. Tamén se opta por actividades que non requiran ser impresas, tales como: esquemas, resumos, diarios, redaccións...

Darase especial relevancia ao valor da lectura e á súa promoción como fonte de aproximación a novos coñecementos, establecendo orientacións metodolóxicas concretas.

Nas áreas de Lingua castelá e Lingua galega, o alumnado traballará escritura, ortografía e comprensión lectora. Estarán disponibles fichas de traballo individual para seren descargadas ou impresas.

En canto área de Matemáticas, propóñense actividades relacionadas coas operacións vistas, cálculo e resolución de problemas.

Propóñense tamén actividades dentro das áreas de Ciencias Sociais e Naturais, Valores Sociais e Cívicos e Educación Artística.

Todas estas actividades aparecen na páxina web do centro.

Por outra banda, e sendo consciente do valor educativo e pedagóxico das Tecnoloxías da Información e da Comunicación, realízanse unha selección de actividades interactivas, imaxes e visionado de vídeos de diferentes plataformas.

Para o alumnado que precisa reforzo educativo as mestras especialistas de PT e AL preparan material específico, favorecendo o reforzo nesas áreas que máis o precisan.

3.2 Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

A metodoloxía céntrase nas aprendizaxes e competencias imprescindibles, para iso durante os días lectivos da semana propoñeranse as actividades anteriormente citadas que se publican na páxina web do centro. Para aquel alumnado que non dispón de conectividade ou ten un mal funcionamento da mesma, achéganse as tarefas vía whatapp ou telefonicamente. O concello ofreceuse a achegar ás familias materiais fotocopiáveis, previa solicitude. Tamén se lles proporcionará ás familias os materiais que o alumnado ten na aula, deste xeito todos dispoñerán de recursos para levar a cabo a tarefa proposta.

3.3 Materiais e recursos

Entre os recursos e materiais empregados destacan:

O libro do alumno para a área a traballar.

As propostas didácticas para cada unha delas.

Os recursos fotocopiáveis da proposta didáctica, con actividades de reforzo e ampliación.

Os materiais dixitais asociados ao tema tratado.

Medios tecnolóxicos.

Xogos didácticos.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

4.1 Información ao alumnado e ás familias.

Empregarase a web do centro como canle principal de comunicación, para facer chegar ás familias do alumnado tanto a información necesaria como as tarefas propostas, por ser esta unha ferramenta institucional. Outras vías de comunicación establecidas serán as propias do centro, os teléfonos fixo e móbil titularidade do CEIP de Arzúa, o correo electrónico do mesmo, así como as contas de correo electrónico de uso do profesorado e o espazo abalar.

4.2 Publicación.

Publicación obrigatoria na páxina web do centro.